



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Museo do Pobo Galego para actuacións en materia de normalización lingüística

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Asociación Padroado Museo do Pobo Galego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de maio ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación Museo do Pobo Galego para organizar conxuntamente o *Simposio Repensando Galicia: As Irmandades da Fala, 1916-1931*, para conmemorar o centenario da creación das Irmandades da Fala.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, en cumprimento do establecido na Lei 3/1983, de normalización lingüística e no Plan Xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, debe adoptar as medidas necesarias para promover unha acción social en favor do coñecemento da lingua galega, da súa revalorización e do seu uso en todos os ámbitos da sociedade e,





para levar a cabo estas medidas, é imprescindible implicar a todos os sectores sociais, asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico e cultural de Galicia, co fin de que promovan accións para fomentar o uso do galego a través de actividades de tipo lúdico, cultural, formativas e informativas, para que actúen como axentes de promoción da lingua.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera esencial apoiar iniciativas que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación Padroado Museo do Pobo Galego, levando a cabo actividades de diversa índole que dende a perspectiva da antropoloxía cultural, intenta abarcar e relacionar as diversas manifestacións humanas no seo dunha comunidade diferenciada, conservando e estudando as mostras da cultura espiritual e material e material de Galicia.

Que a Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego é a única existente en Galicia e referente exclusivo como cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia, constituída como un organismo ao servizo da comunidade, que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade xeral e polas características das actividades a desenvolver no marco do convenio soamente poderán levarse a cabo pola Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, que ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación para desenvolver as actividades previstas no convenio, polo que queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 23 de maio de 2016.

(asinado dixitalmente)

